

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

2115 *Real decreto 122/2015, do 27 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade de dereito público Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego.*

O artigo 25 da Constitución española establece que as penas privativas de liberdade estarán orientadas á reeducación e á reinserción social, así como que os condenados a penas de prisión terán dereito a un traballo remunerado e aos beneficios correspondentes á Seguridade Social. Para dar cumprimento ao dito precepto constitucional, así como á Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, creouse o organismo autónomo Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego, cuxo obxecto é a promoción, a organización e o control do traballo produtivo e a formación para o emprego dos reclusos nos centros penitenciarios.

A Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, na súa disposición adicional octoxésimo sétima establece que, con efectos do 1 de xaneiro de 2014 e vixencia indefinida, o organismo autónomo Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego se transforma nunha entidade estatal de dereito público das previstas no artigo 2.1.g) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Así mesmo, establece que o Goberno, nun prazo de tres meses, modificará o Real decreto 868/2005, do 15 de xullo, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego, para adaptalo ás previsións contidas en tal disposición adicional.

O real decreto contén un artigo único polo que se aproba o estatuto da entidade, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

Pola súa banda, o estatuto está integrado por 18 artigos. Os catro primeiros regulan a natureza, o réxime xurídico, o obxecto, as funcións e a normativa aplicable. Os artigos do 5 ao 9 están dedicados aos seus órganos de dirección e funcións, o artigo 10 á estrutura orgánica da entidade, o artigo 11 aos recursos económicos, os artigos do 12 ao 15 ao réxime patrimonial, orzamentario, de contabilidade e económico-financeiro, o artigo 16 ao réxime de contratación, o 17 ao réxime de persoal e, por último, o 18 á asistencia xurídica.

Os principais cambios veñen motivados pola necesidade de adaptar o estatuto ás normas xerais que regulan o réxime xurídico das entidades estatais de dereito público, principalmente en relación co réxime orzamentario e contable.

Do orzamento administrativo e comercial que para o seu funcionamento tiña asignado o organismo autónomo pásase a un sistema de orzamento de explotación e de capital, de carácter estimativo.

En canto á contratación, rexeráse polo disposto na lexislación de contratos do sector público.

Respecto ao control económico-financeiro a que se encontra suxeita a entidade estatal de dereito público Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego, establécese que, sen prexuízo das competencias de fiscalización atribuídas ao Tribunal de Contas, estará sometida ao control financeiro permanente e á auditoría pública prevista na Lei xeral orzamentaria.

Respecto das funcións da nova entidade, do mesmo xeito que o extinto organismo autónomo, están, entre outras, a xestión dos economatos e cafetarías existentes nos establecementos penitenciarios, a realización de actividades industriais, comerciais ou análogas e, en xeral, cantas operacións se relacionen co traballo penitenciario ou lle encomenden as administracións públicas para o cumprimento dos fins que lle son propios.

Para o exercicio de tales funcións, Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego debe seguir tendo a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos poderes adxudicadores dependentes dela, e está obrigado a realizar os traballos que estes lle encomenden relacionados cos fins que lle son propios.

Isto permitirá manter e incrementar o nivel de ocupación dos traballadores internos nos centros e contribuír ao obxectivo final da súa inserción sociolaboral.

Na súa virtude, por iniciativa do Ministerio do Interior, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do estatuto.*

Apróbase o Estatuto da entidade estatal de dereito público Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición transitoria única. *Integración do persoal funcionario e laboral.*

O persoal funcionario e laboral que preste os seus servizos no extinto organismo autónomo Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego no momento de entrada en vigor deste real decreto pasará a prestar os seus servizos para a nova entidade cos mesmos dereitos e obrigacións que tivese no organismo autónomo e co mesmo réxime xurídico.

No momento da entrada en vigor deste real decreto, modificarase a relación de postos de traballo para adaptala ao seu organigrama xeral, logo de aprobación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 868/2005, do 15 de xullo, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro do Interior para ditar, logo de cumprimento dos trámites legais oportunos, as disposicións que fosen precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Adecuación de créditos orzamentarios.*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas realizará as modificacións orzamentarias e habilitacións de créditos que sexan precisas para o cumprimento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Non incremento do gasto de persoal.*

De conformidade co establecido na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, esta disposición non poderá supor aumento neto dos gastos de persoal ao servizo da Administración.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ESTATUTO DA ENTIDADE ESTATAL DE DEREITO PÚBLICO TRABALLO PENITENCIARIO E FORMACIÓN PARA O EMPREGO

Artigo 1. *Natureza e réxime xurídico.*

1. Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego é unha entidade estatal de dereito público das previstas na alínea g) do número 1 do artigo 2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, con personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar.

Dentro da súa esfera de competencias, correspóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins nos termos previstos neste estatuto, salvo a potestade expropiatoria.

2. Atópase adscrita ao Ministerio do Interior, a través da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

Corresponde ao Ministerio do Interior a dirección estratéxica, a avaliación e o control de resultados da súa actividade, a través da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias. Tamén lle corresponde o control de eficacia, sen prexuízo das competencias atribuídas á Intervención Xeral da Administración do Estado en canto á avaliación e ao control de resultados dos organismos públicos integrantes do sector público estatal.

3. Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego rexerase pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; por este estatuto, e polas demais disposicións legais aplicables a este tipo de entidades estatais e, de forma supletoria, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Artigo 2. *Obxecto.*

A entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego ten por obxecto a promoción, a organización e o control do traballo produtivo e a formación para o emprego dos reclusos dos centros penitenciarios, así como a colaboración permanente coa Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias para a consecución dos fins encomendados polo artigo 25 da Constitución e pola Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria.

Artigo 3. *Funcións.*

Son funcións da entidade:

a) A organización do traballo produtivo penitenciario e a súa oportuna retribución.

b) A xestión dos economatos e cafeterías existentes nos establecementos penitenciarios e centros de inserción social conforme o previsto no artigo 299 e seguintes do Regulamento penitenciario, aprobado polo Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro.

c) A instalación, ampliación, transformación, conservación e mellora dos talleres, explotacións agrícolas penitenciarias, ou locais e instalacións necesarias para os fins da entidade, así como os servizos, obras e adquisicións que se refiren á súa explotación, produción ou actividade.

d) A realización de actividades industriais, comerciais ou análogas e, en xeral, cantas operacións se relacionen co traballo penitenciario ou lle encomenden as administracións públicas para o cumprimento dos fins que lle son propios.

e) A formación para o emprego dos internos en centros penitenciarios e centros de inserción social.

f) A promoción de relacións con institucións e organizacións que faciliten o cumprimento dos fins da entidade.

g) O impulso e a coordinación de cantas liñas de actividade se desenvolvan desde a Administración penitenciaria en materia de preparación ou acompañamento para a inserción sociolaboral.

h) A colaboración permanente coa Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias ou outras institucións especializadas, para a xestión de penas ou medidas alternativas previstas na lexislación penitenciaria.

Artigo 4. *Normativa aplicable ao traballo penitenciario.*

1. Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego retribuirá o traballo dos reclusos conforme o rendemento normal da actividade, categoría profesional e horario de traballo efectivamente cumprido.

2. A relación laboral especial que se estableza entre a entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego e os internos que desenvolvan unha actividade laboral nos talleres produtivos dos centros dependentes da Administración penitenciaria, así como a súa protección de seguridade social, rexeranse polo disposto no Real decreto 782/2001, do 6 de xullo, polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos penados que realicen actividades laborais en talleres penitenciarias e a protección da Seguridade Social dos sometidos a penas de traballo en beneficio da comunidade.

Artigo 5. *Órganos de dirección e firmeza dos seus actos.*

1. A entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego terá como máximos órganos de dirección os seguintes:

- a) O presidente.
- b) O Consello de Administración.
- c) O director-xerente.

2. Os actos ditados polo presidente e polo Consello de Administración, no ámbito das súas respectivas competencias, porán fin á vía administrativa.

Artigo 6. *O presidente.*

O presidente será o titular da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias. Correspóndelle ao presidente:

- a) Aprobar os plans xerais de actuación da entidade.
- b) Convocar e presidir as sesións do Consello de Administración.
- c) Exercer as atribucións que lle corresponden como órgano de contratación da entidade.
- d) Subscribir convenios e habilitar o director-xerente para subscribir contratos e compromisos de colaboración con empresas externas.

- e) Aprobar os gastos, así como ordenar os pagamentos que correspondan aos gastos autorizados.
- f) Render contas anuais ao Tribunal de Contas, de acordo coa normativa orzamentaria.
- g) Exercer as demais competencias que lle sexan atribuídas, de acordo co ordenamento xurídico.

Artigo 7. *O Consello de Administración.*

1. O Consello de Administración, que non poderá exceder os doce membros, estará formado polo presidente e polos seguintes vogais:

- a) Os subdirectores xerais de Tratamento e Xestión Penitenciaria, de Servizos Penitenciarios, de Relacións Institucionais e Coordinación Territorial, de Penas e Medidas Alternativas, e Inspección Penitenciaria, da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.
- b) Un representante da Avogacía do Estado do Ministerio do Interior, e o xefe da Oficina Orzamentaria do citado ministerio.
- c) Un representante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, designado polo seu titular, con nivel orgánico de subdirector xeral.
- d) Un representante da Secretaría de Estado de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, designado polo seu titular, con nivel orgánico de subdirector xeral.
- e) O director-xerente da entidade, que desempeñará as funcións de secretario do Consello de Administración, con voz e voto.

Asistirá, así mesmo, ás sesións do Consello de Administración, con voz pero sen voto, un representante da Intervención Delegada no Ministerio do Interior.

2. No caso de vacante, ausencia ou enfermidade do director-xerente, as funcións de secretario recaerán no subdirector xeral de Tratamento e Xestión Penitenciaria.

3. Ao presidente correspóndelle dirixir as deliberacións do Consello, que se deberá reunir polo menos dúas veces ao ano.

4. No non previsto neste estatuto, o funcionamento do Consello de Administración rexerese polas disposicións do capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 8. *Atribucións do Consello de Administración.*

Serán atribucións do Consello de Administración:

- a) Cumprir e velar polo cumprimento dos fins esenciais da entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego.
- b) Aprobar o anteproxecto de orzamentos, así como as contas anuais da entidade.
- c) Aprobar o plan de actuación da entidade, en coordinación co da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.
- d) Determinar anualmente o módulo retributivo dos internos que realicen traballos produtivos nos talleres penitenciarios.
- e) Aprobar anualmente o inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, excepto os de carácter funxible.
- f) Deliberar sobre aqueles asuntos que sexan normalmente da competencia do director-xerente pero que o presidente acorde someter ao Consello.
- g) Propor cantas iniciativas poidan contribuír ao mellor funcionamento da entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego e ao cumprimento dos seus fins.

Artigo 9. *O director-xerente.*

1. O director-xerente, co nivel orgánico de subdirector xeral, será o órgano encargado da execución dos acordos do Consello de Administración da entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego. Será funcionario dun corpo ou escala do subgrupo A1 de calquera das administracións públicas, e será nomeado e separado polo

titular do Ministerio do Interior, por proposta do titular da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

Para tales efectos, acudirase a un sistema de preselección que garanta a publicidade e a concorrencia. A designación farase de entre os preseleccionados e atenderá aos principios do mérito e capacidade e a criterios de idoneidade.

2. Ao director-xerente correspóndenlle:

a) A dirección e xestión dos traballos e actividades comerciais, industriais e calquera outra necesaria para o funcionamento da entidade, así como a adopción das disposicións relativas á explotación e produción de talleres.

b) A dirección, o impulso e a xestión das accións de formación para o emprego e a inserción laboral dos reclusos.

c) A dirección económica e financeira, así como a xestión dos bens e dereitos integrantes do patrimonio da entidade e a actualización do seu inventario para a súa conservación, correcta administración e defensa xurídica. En particular, correspóndelle a elaboración do anteproxecto de orzamento anual da entidade, así como a formulación das contas anuais.

d) A preparación de plans, programas e obxectivos en coordinación co plan de actuación da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

e) O control técnico e administrativo dos servizos, instalacións e talleres; para tales efectos, formularalles aos órganos de dirección da entidade as oportunas propostas para o cumprimento dos fins que ten encomendados.

f) A comunicación con outros organismos, entidades e particulares que teñan relación cos fins propios da entidade, sen prexuízo das funcións de representación que correspondan á Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

g) Exercer as funcións que as disposicións vixentes lle atribúan, así como cantos asuntos, dentro dos fins, lle sexan encomendados.

h) Cantas outras funcións lle sexan encomendadas polo presidente da entidade Tráballo Penitenciario e Formación para o Emprego.

Artigo 10. *Estrutura orgánica.*

1. A entidade Tráballo Penitenciario e Formación para o Emprego contará cunha estrutura orgánica acorde coas funcións asignadas no artigo 2, con dependencia directa do director-xerente.

2. En cada un dos centros penitenciarios existirá a figura de delegado da entidade Tráballo Penitenciario e Formación para o Emprego, que desempeñará o titular da dirección do centro penitenciario. A súa función será a de supervisión da actividade que realiza a entidade no centro penitenciario en coordinación co director-xerente.

Cada centro penitenciario contará co persoal que se encargará de executar os programas e as políticas da entidade no centro. O seu dimensionamento estará establecido na relación de postos de traballo que se estableza segundo o volume de actividade previsto.

Artigo 11. *Recursos económicos.*

Para o cumprimento dos seus fins, e de conformidade co disposto no artigo 65.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, a entidade disporá dos seguintes recursos:

a) As dotacións que anualmente se consignan ao seu favor nos orzamentos xerais do Estado, e as transferencias correntes e de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.

b) Os bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio e os produtos e rendas deste e dos bens que teña adscritos, ou cuxa explotación teña atribuída.

c) Os ingresos de dereito público ou privado que, de ser o caso, lle corresponda percibir e os que se produzan como consecuencia das súas actividades comerciais e industriais.

d) As subvencións, achegas voluntarias, doazóns ou legados e outras achegas que concedan ou outorguen ao seu favor outras entidades públicas e entidades privadas ou particulares.

e) Os bens do patrimonio do Estado que lle poidan ser adscritos.

f) Calquera outro recurso económico, ordinario ou extraordinario, que lle poida ser atribuído.

Artigo 12. *Réxime patrimonial.*

1. O réxime patrimonial da entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego será o establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 novembro, do patrimonio das administracións públicas, e en disposicións complementarias.

2. Para o cumprimento dos seus fins, a entidade poderá ter, ademais dun patrimonio propio distinto ao do Estado, o formado polos bens e dereitos que se lle adscriban do patrimonio do Estado.

3. A adscrición e desadscrición de bens á entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego rexeráse pola Lei 33/2003, do 3 de novembro. Aqueles conservarán a súa cualificación e titularidade xurídica orixinaria e corresponderá á dita entidade o exercicio das competencias demaniais, así como a vixilancia, protección xurídica, defensa, administración, conservación, mantemento e demais actuacións que requiran o seu correcto uso e utilización.

4. O inventario actualizado e as súas posteriores modificacións remitiranse anualmente á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa anotación no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado.

Artigo 13. *Réxime orzamentario.*

1. A entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego elaborará anualmente o seu anteproxecto de orzamento e remitirao ao Ministerio do Interior para a súa posterior tramitación, de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. A estrutura do seu orzamento será a correspondente aos orzamentos de explotación e capital das entidades que forman parte do sector público administrativo.

Artigo 14. *Contabilidade.*

A entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego estará sometida ao Plan xeral de contabilidade pública coa adaptación establecida pola Intervención Xeral da Administración do Estado para os entes públicos cuxo orzamento de gasto ten carácter estimativo.

Artigo 15. *Control económico-financeiro.*

Sen prexuízo das competencias de fiscalización atribuídas ao Tribunal de Contas, a entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego estará sometida ao control financeiro permanente e á auditoría pública previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

O control financeiro permanente realizarao, nos termos que establece a Lei xeral orzamentaria, a Intervención Xeral da Administración do Estado a través da Intervención Delegada da entidade.

Artigo 16. *Réxime de contratación.*

1. O réxime de contratación de Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego é o previsto no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, como poder adxudicador da Administración pública.

2. Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, así como dos organismos, entes e entidades do sector público estatal, sexan de natureza xurídica pública ou privada, vinculados ou dependentes daquela, nos termos do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

3. A entidade, como medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, así como dos organismos, entes e entidades do sector público estatal, sexan de natureza xurídica pública ou privada, vinculados ou dependentes daquela, de acordo cos seus fins, estará obrigada a aceptar as encomendas de xestión realizadas por aqueles. As ditas encomendas de xestión serán as establecidas ou, de ser o caso, autorizadas pola Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, en canto órgano directivo de adscrición da entidade con competencias para fixar as condicións e tarifas correspondentes.

4. As relacións de Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego cos poderes adxudicadores dos cales son medios propios instrumentais e servizos técnicos teñen natureza instrumental e non contractual, e artículanse a través de encomendas de xestión das previstas no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

As actuacións obrigatorias que lle sexan encargadas a Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias ou outros documentos técnicos e valoradas no seu correspondente orzamento, de acordo coa tarifas fixadas pola Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

Antes de formular o encargo, os órganos competentes aprobarán os ditos documentos e realizarán os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto.

A comunicación efectuada por estes poderes adxudicadores encargando unha actuación á entidade suporá a orde para iniciala.

5. Non poderá participar nos procedementos para a adxudicación de contratos convocados polos poderes adxudicadores de que sexa medio propio. Con todo, cando non concorran ningún licitador, poderáselle encargar a esta entidade a execución da actividade obxecto de licitación pública.

No caso de que a execución de obras, a fabricación de bens mobles ou a prestación de servizos por parte da entidade se leve a cabo coa colaboración de empresarios particulares, o importe da parte de prestación por conta destes deberá ser inferior ao 50% do importe total do proxecto, subministración ou servizo.

O importe das obras, traballos, proxectos, estudos e subministracións realizados pola entidade determinarase aplicando ás unidades executadas as tarifas correspondentes. As ditas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais de realización e a súa aplicación ás unidades producidas servirá de xustificante do investimento ou dos servizos realizados.

A Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias elaborará e aprobará as tarifas conforme o procedemento establecido regulamentariamente.

Artigo 17. *Réxime de persoal.*

O director-xerente da entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego terá a consideración de persoal directivo. Para tales efectos, será nomeado e cesará conforme o establecido no artigo 9.

O persoal da entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego será funcionario ou laboral, nos mesmos termos que os establecidos para a Administración xeral do Estado.

Artigo 18. *Asistencia xurídica.*

A asistencia xurídica da entidade Traballo Penitenciario e Formación para o Emprego, consistente no asesoramento xurídico e na representación e defensa en xuízo, poderáselles encomendar aos avogados do Estado integrados no Servizo Xurídico do Estado, mediante a formalización do oportuno convenio, nos termos previstos no artigo 14 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo.